




OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza




Á Mesa do Parlamento

Carmen da Silva Méndez, deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte pregunta, para a súa resposta oral en Comisión, relativa á situación urbanística actual no litoral galego e sobre as previsións de actuación da Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte para correxir a mesma.

Os problemas urbanísticos no noso litoral veñen de lonxe, pero co boom da construción que se está a dar dende o ano 98, as actuacións preocupantes están a ter un ritmo acelerado e, co numeroso planeamento que se está a elaborar, corremos o risco de que se perpetúen e "legalicen" certo tipo de previsións absolutamente aberrantes.


O problema ten, cando menos, dúas vertentes diferenciadas:

- A falla xeralizada de disciplina urbanística sistemática que permite abundantes, frecuentes e impunes infraccións con edificacións informais fora de calquera norma
- As determinacións e previsións dos planeamentos, en principio formalizadas e recollidas en normas, tan masivas e disparatadas que poden xerar destrozos maiores que as propias infraccións e de mais difícil, cando non imposible, corrección no futuro.



En canto á primeira faceta, a carencia de actuacións disciplinarias e correctivas claras, firmes e decididas por parte das Administracións responsábeis, a tolerancia e permisividade bastante xeralizadas coas infraccións, levaron a que grandes áreas da nosa costa estean inzadas de construcións absolutamente ilegais. Foron demasiados anos de permisividade coas infraccións e cos infractores, absolutamente intencionada por parte do Goberno da Xunta do Partido Popular.; cando algúns Concellos, ben certo que poucos, se puxeron con rigor a tentar atallar o problema, (caso máis paradigmático e coñecido, pero non único, o de Cangas) a Xunta advocouse as competencias mediante a Lei 1/97 e quedaron paralizadas todas as actuacións punitivas en marcha. O freo e disuasión a novas infraccións costeiras que estaba xerando o exemplo dos derrubes e sancións municipais de mediados dos 90; o efecto preventivo que a convicción da seguridade da sanción estaban a xerar entre os potenciais infractores, foise diluíndo co tempo e voltou a aumentar un problema que se estaba encouzando nunha dirección correcta.


Dende a citada Lei 1/97, é a Xunta a que ten as competencias nas infraccións urbanísticas moi graves, en especial en todas as que afectan ao litoral; na actual Lei 9/2002, coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004, estas competencias e o xeito de exercelas están recollidas, entre outros, nos artigos 214, 215, 222 e 230, así como o 226 relativo á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. Nesta normativa, fica claro que cando se constate deixación ou pasividade por parte dalgún Concellos na aplicación de medidas conducentes á reposición da legalidade, a Xunta pode actuar de xeito inmediato e claro, por procedementos ben determinados e efectivos.



No relativo ao segundo aspecto, existen P.X.O.M.'s aprobados pola anterior Xunta, afortunadamente poucos, (non por política da Xunta, senón porque se tramitou pouco planeamento) nos que os nefastos principios liberalizadores están recollidos no planeamento. Principios que pretenderon converter todos os terreos que non teñen especial protección en urbanizabeis, podendo selo a iniciativa da propiedade sen cortapisas nin limitacións das administracións; as proteccións foron eliminadas á medida, e a liberalización campou ás súas anchas no planeamento de varias formas, entre elas, os urbanizabeis residenciais no medio de montes de protección forestal, constituíndo areas illadas e descontextualizadas, moitas veces, por non dicir sempre, delimitadas á medida dos intereses da propiedade ou de parte dela. Que esta política ultraliberal estea recollida nos planeamentos resulta perigosísimo, pois consolida dereitos e, de non atallalos a tempo, poden converter en "legais" actuacións irreversíbeis tremendamente agresivas para o noso litoral. Véxanse os casos de Meis e Sanxenxo (S.U.11-Miraflores), entre outros.

Por outro lado, nestes momentos, unha grande cantidade de Concellos teñen en tramitación os seus Plans Xerais de Ordenación Municipal nos que, en parte deles, recollese a mesma pretensión de declarar urbanizabeis zonas nas que o impacto vai ser enorme e o destrozo do noso litoral, de ir adiante estas previsións, irreversible. Nestes casos nos que o planeamento está aínda en tramitación, pórllle freo resulta moi fácil dado que a aprobación corresponde á Xunta de Galiza.


A aplicación correcta e coherente, entre outros, dos artigos 227, 53 f) e g), 61.2, 85.7, 96, e 104 b) da Lei 9/2002, non só permite, senón que obriga, á



Administración Autonómica a actuar con toda decisión para evitar que estas actuacións aberrantes poidan saír adiante, e consolidarse nos planeamentos, tal e como se están prevendo nos Avances ou aprobacións iniciais dos Plans (Gondomar, Outes, e un longuíssimo etc....). Está en xogo nestes planeamentos evitar que desafortunadas actuacións de grande impacto, como a de Domaio, se reiteren até a saciedade por toda a nosa costa e a súa area de influencia directa ou indirecta.

Son tantas e tan potentes as competencias da Xunta neste ámbito, que unha simple, clara e inmediata Circular na que se fixen as condicións, posibilidades e limitacións de urbanizabeis con impacto directo ou indirecto sobre a nosa costa, podería resolver o problema de raíz; tan sinxelo como comunicarlle aos Concellos unha interpretación clara dos artigos da Lei aos que se ten que ater o planeamento municipal que, non esquezamos, vai ser aprobado pola Xunta. Caso de non cumprir cos criterios que se fixen e comuniquen, a consecuencia será inmediata: non serán aprobados os P.X.O.M.'s e, polo tanto, nunca chegarán a estar en vigor; así, tanto as aberracións costeiras como calquera outra que se quixera introducir no Plan, non terán ningunha posibilidade de consolidarse normativamente e deixaran de ser unha ameaza.

Dado que a situación urbanística actual da nosa costa é moi preocupante e o seu futuro aínda máis; dado que a Xunta ten instrumentos legais máis que suficientes para actuar con firmeza e eficacia, corrixir os problemas actuais e evitar os futuros; dado que, como non podería ser de outro xeito, a actual Xunta ten a vontade de preservar o futuro da nosa costa cambiando a desastrosa política de "desfeita" que padecemos nas lexislaturas anteriores, tanto a xerada pola



tolerancia coas infraccións como a que se pretende bendicir legalmente recolléndoas nos Plans,

Polo anterior, presentamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Qué actuacións e prazos ten previstos a Xunta para: a) impulsar a disciplina urbanística no litoral; b) rematar ou reconducir as urbanizacións de grande impacto sobre o litoral recollidas nos planeamentos municipais aprobados; c) evitar que no futuro se produzan mais infraccións e se inclúan no planeamento en tramitación urbanizabeis aberrantes para a costa?

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2006.


Asdo.: Carmen da Silva Méndez
Deputada do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



Á Mesa do Parlamento

Carmen da Silva Méndez, Ana Belén Pontón Mondelo e María Xosé Vega Buxán, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego e membros da Comisión 2.^a de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, solicitan a Comparecencia, perante esta Comisión, da Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, para que de conta das actuacións e prazos que ten previsto adoptar a súa consellaria para resolver a situación urbanística no litoral galego.

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2006.

Asdo.: Carmen da Silva Méndez

Ana Belén Pontón Mondelo

María Xosé Vega Buxán

Deputada do G.P. do BNG